

*A Herdanza
do Pobo*

Concello de  Oleiros

*A Herdanza
do Pobo*

Edita: Concello de Oleiros

Depósito Legal: C 360 - 2007

Fotografía: Xurxo Lobato

Impresión: Alva Gráfica

Índice

PATRIMONIO CIVIL ADQUIRIDO.....9

◆ Casa de Xaz	10
◆ Castro de Xaz	15
◆ Pazo de Arenaza	16
◆ Castelo de Santa Cruz	20
◆ Pazo de Lóngora	26
◆ Ruínas de Ibarrola	32
◆ Torres de Santa Cruz	36
◆ Casa Labarta	42
◆ Casa Agramar	47
◆ Casa Echeverri	50
◆ Fábrica de Perillo	54
◆ Casa Guyatt	59
◆ Finca Bescansa	60
◆ Villa Ría Leda	65
◆ As Cadeas	70
◆ Pazo da Carballeira	76
◆ Casa Charry	80
◆ Casa García de Dios	84
◆ Casa do Arxentino	89
◆ Casa do Fareiro	92

PATRIMONIO RELIXIOSO RECUPERADO 97

◆ Igrexa parroquial de Santa María de Dexo	98
◆ Igrexa e entorno de Santa Eulalia de Liáns	102
◆ Capela de Santa Ana	109



historia dos pobos constrúese arredor das súas xentes, das súas rúas e dos seus fogares.

En Oleiros son moitas as testemuñas aínda vivas de acontecementos pasados, eventos, datas e feitos que marcaron o rumbo da nosa historia ata o devir actual.

Pero existen outras testemuñas silenciadas que tamén falan, sen verbas, de parte da nosa historia. É o patrimonio arquitectónico municipal, adquirido nas últimas décadas polo Concello de Oleiros, mediante diversos convenios urbanísticos, para uso público e preservación histórica. Un empeño do grupo de goberno local por impedir que parte das moitas edificacións tan ilustres que cohabitan no concello sufriran, co paso do tempo, a peor das enfermidades: a condena inexorable ó esquecemento e ó abandono por parte de quen puidera consideralas simples inmobles herdados, susceptibles de posibles especulacións.

Grazas a un incesante traballo de recuperación da nosa memoria histórica, repleto de incontables xestións burocráticas, trámites, convenios e acordos, non sen máis dun atranco durante o longo camiño percorrido, na actualidade Oleiros pode presumir de contar cun extenso e rico inventario patrimonial a servizo dos veciños que residen no termo municipal, integrado no acontecer da vida diaria como sede e refuxio dunha ampla oferta de prestacións sociais, culturais, deportivas ou ambientais.

Moitos dos pazos e quintas que noutrora foron auténticos albergues intelectuais dunha

sociedade burguesa e acomodada ou luxosas residencias veraniegas, rexurdiron, dende a súa adquisición polo consistorio, como novos viveiros de sabiduría, converténdose en centros neurálxicos de promoción e impulso de iniciativas municipais cun único fin: servir ó veciño.

Neste percorrido pola nosa historia tamén temos que falar do patrimonio relixioso, propiedade do Arcebispado, pero sobre o que o consistorio oleirense desenvolveu unha forte política de recuperación e restauración dalgúns templos coa finalidade de rescatalos do estado de abandono e ruína no que se atopaban inmersos, favorecendo así a súa conservación e continuidade ó servizo dos veciños do municipio.

Así, algúns dos edificios que a continuación se relacionan están a ser empregados como residencias para a terceira idade, centros culturais, dependencias municipais, teatros, sede de recuperación medioambiental, fundacións, e un longo etcétera ó alcance dos miles de cidadáns que cada día conviven entre as súas paredes como testemuñas do pasado e protagonistas do presente.

Por iso, esta publicación pretende ser, ademais dun repaso pola súa historia, un recoñecemento ó legado municipal conseguido como froito da colaboración dos antigos propietarios e da aposta dun proxecto político comprometido co noso pasado para conservar a luz, a vida e o esplendor que viu nacer cada unha das centenarias pedras que conforman os nosos pazos e quintas.

Ángel García Seoane

Alcalde do Concello de Oleiros

P
atrimonio
Civil
adquirido



CASA DE XAZ
Parroquia de Dorneda

CASA DE XAZ

Parroquia de Dorneda

◆ A Casa de Xaz está situada no val do río Xaz, na parroquia de Dorneda, á beira da estrada que une as localidades de Mera e Santa María de Oleiros. Con fermosas vistas sobre a cidade e a baía da Coruña, e bordeada por un fermoso xardín con labirínticos setos de boj recortados ó máis puro estilo francés, levántase unha das casas grandes máis antigas e ilustres do

municipio. As súas orixes están vencelladas a unha linaxe histórica da cidade herculina: os Montoto, castelanización dos Montouto, procedentes de Santa Cristina de Montouto, en Abegondo, e donos de numerosas e ricas posesións entre as que figuraba a antiga Casa de Xaz, á que a familia sempre refusou chamar pazo pese a considerala *señorío de Montouto*.



No expediente de ingreso na orde de Santiago de Antonio de Prado e Ulloa, Señor de Friol, incoado no ano 1666, xa consta que nacera na casa solariega de Xaz, polo que estamos ante unha edificación que data da primeira metade do século XVII. A partires de aquí, a historia sucédese con innumerables retratos de familias e de numerosos casamentos que van emparentando casas aristocráticas e deixando descendentes que garanten a sucesión dinástica ata chegar ós Condes de Maceda. Son eles os que, a primeiros do século XIX e tras un incendio que asolou parte da propiedade, acometen unha ambiciosa reconstrución para convertela no seu fogar e na casa de campo que hoxe coñecemos.



Aínda que mudou o seu aspecto primitivo, conserva intactos numerosos elementos, como a fermosa igrexa de estilo neogótico. Nesta etapa eríxese como un dos máis importantes centros de reunión da alta sociedade da Coruña, sendo visitada, entre outros personaxes ilustres, polo Rei Alfonso XIII e a súa dona Victoria Eugenia, ademais doutros membros da realeza española.



A casa de Xaz está rodeada de varios xardíns de extensión e vexetación moi ampla e variada. Antes de chegar ó edificio levántase un frondoso bosque de piñeiros que dá paso a un primeiro xardín de mirtos, con formas romboidais a base de flores (rosas, claveis, etc.) que lle dan un aspecto colorista e alegre rodeado de cipreses. Tamén destaca outro xardín composto por curvas, que xira arredor dun pequeno reloxo de sol situado no centro. Na parte posterior da vivenda atópase

outra zona verde, de gran encanto colorístico acentuado na época de floración das camelias. A diferenza dos outros dous, este ten forma rectangular. Unha horta repleta de árbores frutais completa os frondosos espazos abertos cos que conta esta casa. Pero, sen dúbida, o elemento máis singular e notorio atópase na fachada do edificio: unha inmensa hedra, que muda de aspecto segundo as estacións do ano, cubre a meirande parte da súa faciana.





As dependencias da vivenda están distribuídas nun semisótano e dous andares. A biblioteca e un pequeno anfiteatro, situado na capela, dan unha idea do que foi o fogar dos Condes de Maceda e San Román, Grandes de España. As obras de rehabilitación levadas a cabo en diversas etapas consistiron en construír numerosos balcóns e terrazas para potenciar ó máximo a entrada de luz natural, así como a creación dun andar superior, completamente novo.

Tras vivir numerosas etapas douradas, no século XX converterase en residencia esporádica dos sucesores naturais que acudan á Casa de Xaz a pasar tempadas de vacacións e veraneo.

Dende o Goberno municipal sempre se tentou adquirir a propiedade para incorporala no inventario de bens patrimoniais do municipio, evitando así que algún día puidera desaparecer ou caer en mans dalgũa promotora que puidera ambicionar a explotación urbanística da finca, con máis de 400.000 m². Así, no ano 2005, o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, asina un convenio cunha sociedade que representa á derradeira xeración de herdeiros, pertencentes ó condado de San Román e vizcondes de Fefiñanes, para garantir a continuidade do seu valor patrimonial, así como a conservación das abundantes especies arbóreas existentes e a cesión de espazos dotacionais para uso público.



Na actualidade, o uso programado para este ámbito inclúese nun ambicioso proxecto de desenvolvemento turístico, fomento de actividades deportivas e disfrute do medio natural e paisaxístico. O goberno local contempla a creación dun campo de golf, que abarcaría unha superficie de 580.000 m², e unha actuación residencial no entorno colindante. Pola súa banda, a Casa de Xaz tamén será recuperada para acoller a sede deste futuro complexo deportivo.



CASTRO DE XAZ

Parroquia de Dorneda

◆ **E**ste xacemento arqueolóxico está protexido polo Concello de Oleiros mediante un Plan Especial que impide a súa destrución preservándoo para futuros usos municipais de carácter cultural. Consta de 39.000 m² situados a media ladeira do Val do Monte da Costa, no núcleo de Abeleiras, unha meseta con suave declive cara o oeste, pertencente á parroquia de Dorneda e situado moi preto do coñecido Pazo de Xaz e da estrada que vai de Santa Cruz a Meirás.



A estrutura deste castro prehistórico está rodeada de numerosas árbores centenarias de gran porte, polo que resulta moi difícil dende fóra adiviñar os banqueos que dan forma ás murallas concéntricas. A cima do recinto está bordeada por unha coroa arbolada creando así unha área pechada, sen vistas ó exterior.

No convenio urbanístico plasmado cos herdeiros do condado de San Román e vizcondes de Fefiñanes para a realización do campo de golf, unha das cláusulas establecidas baséase na cesión obrigatoria ó Concello de Oleiros dos

39.000 metros cadrados que ocupa o castro, para os que o goberno municipal ten previsto a súa recuperación xunto coa Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.



PAZO DE ARENAZA

Parroquia de Iñás



PAZO DE ARENAZA

Parroquia de Iñás

◆ **O** Pazo de Arenaza, tamén coñecido como Pazo dos Vello, é unha das construcións máis antigas do Concello de Oleiros. As súas orixes datan de primeiros do século XIX, vencelladas a un apelido de procedencia vasca, Algorri, con residencia habitual na cidade de A Coruña. Os Algorri acudían á finca de Iñás a pasar tempadas de descanso e veraneo, moi propio nas familias burguesas daquela época. Coincidindo

co remate da guerra civil española, no ano 1939, dúas irmáns -as España Algorri- herdeiras do pazo e residentes no mesmo durante os seus últimos anos-, deciden vender a propiedade a Víctor Mateo, un navarro afincado na cidade herculina que ostentaba o cargo de “delegado da papelera española”. A compra é un agasallo para a súa muller, Isabel Arenaza, de aí o nome polo que se coñecería dende entón ata a actualidade.



O edificio, de 1.748 m² e situado no lugar de Campamento, en plena N-VI, estaba rodeado por unha finca amurallada que envolvía un ámbito de 50.000 m². Dentro da parcela ubicábase unha gran finca arborada, con especies froiteiras, un hórreo, unha zona de cuadras e unha extensa horta de cultivo xunto coa casa de campo, de estilo rural, que malia parecer no seu conxunto unha típica explotación agrícola sempre foi utilizada como segunda residencia polos seus inquilinos. Aínda que sufriu numerosas reformas interiores e pequenos anexos externos, a estrutura arquitectónica é a orixinal.



Na década dos 80, a familia Mateo de Arenaza vende a propiedade a uns empresarios de Lugo que no ano 1989 deciden formalizar un convenio urbanístico co Concello de Oleiros mediante o que o consistorio pasa a adquirir a titularidade da zona nobre da finca (casa, establos e xardíns), procedendo a súa recuperación. A superficie restante foi xestionada polos irmáns Alonso Alonso para a construción da actual urbanización a cambio das correspondentes cesións de solo para a creación de zonas de equipamento público e infraestrutura viaria, ademais de 15.000

m² de áreas verdes. Con esta actuación, o goberno municipal conseguiu garantir a conservación da nosa historia e da nosa cultura.

Importantes obras de rehabilitación, mediante as que se pretendeu unha harmonía dos espazos respectuosa coa elegancia do edificio e a beleza dos seus xardíns deron paso a un uso municipal e público de gran transcendencia social: o centro de día de atención á terceira idade.

Na actualidade, o consistorio acometeu diversas obras no seu interior para unha mellor adaptación ás novas necesidades, coa finalidade de convertelo en residencia permanente para os nosos maiores, especialmente para os que sofren problemas de abandono e desestruturación social.

O centro, xestionado directa e integramente polo Concello de Oleiros ata o ano 2005, ponse a disposición da Xunta de Galicia en novembro do 2006 para a súa xestión e financiamento públicos, revertendo nunha redución dos custes para os usuarios con menos recursos do municipio. Este centro de día de maiores, previsto para 30 usuarios, tamén albergará, no edificio anexo das antigas cabalerías, unha residencia permanente de cinco vivendas comunitarias, con habitacións dobres e capacidade para acoller a 10 internos. Os servizos de atención médica, mantemento e asistencia terapéutica diúrnos desenvolveranse nas dependencias do centro integrándose no decorrer da vida cotiá.

Sen dúbida, pazo e inquilinos son a única salvagarda dun patrimonio cultural de gran riqueza que é necesario mimar e compartir con outras xeracións.



CASTELO DE SANTA CRUZ

Parroquia de Liáns



CASTELO DE SANTA CRUZ

Parroquia de Liáns



◆ A súa construción foi ordenada polo capitán xeneral Diego das Mariñas no ano 1594 coa finalidade de completar o sistema defensivo da baía coruñesa, conformado polos fortes de San Antón e San Diego, dúas fortificacións que resultaban insuficientes cando se trataba de evitar invasións como o desembarco protagonizado no 1589 pola Armada inglesa capitaneada por Francis Drake, na praia de Santa María de Oza, en plena ría da cidade herculina, a través da costa de Mera, Santa Cruz e Santa Cristina. Así xurde a idea de levantar unha fortificación para defensa e protección da cidade nun pequeno illote, de 10.000 m², situado na localidade de Santa Cruz. Posteriormente, a construción foise

completando ata dar paso a unha fortaleza na que se levantaban un castelo e un conxunto de baterías dispersas xunto cunha capela e un polvorín, situados fóra do recinto amurallado.

Tras perder a súa función estratéxica pasa a converterse, xa no século XIX, en residencia da filla da escritora Emilia Pardo Bazán, quen, xunto co seu marido, o xeneral José Cavalcanti, proceden á reconstrución das dependencias dándolle ó edificio central a forma de pazo tal e como o coñecemos hoxe en día. Tras a morte da Condesa foi doado, no ano 1938, á Arma de Cabalería, pasando a ser residencia de verán de orfos militares ata o ano 1988, data na que o Ministerio de Defensa o desafecta para vendelo.





Foi no ano 1989 cando o Concello de Oleiros decide adquirir o Castelo de Santa Cruz ó Ministerio de Defensa para evitar a súa venda como residencia privada a un promotor. Para elo, o consistorio tivo que librar unha forte batalla de enfrontamentos, durante os que se chegou a ocupar o porto de Santa Cruz coa presenza dunha sección da policía militar que estaba a impedir o acceso ó Castelo do alcalde, Ángel García Seoane, e da concelleira Esther Pita para tomar posesión do mesmo logo das longas xestións realizadas ante a Xerencia de Infraestrutura do Ministerio de Defensa. Finalmente, o pobo de Oleiros logrou recuperar o que fora fiel gardián da baía para manter viva unha parte da historia máis emblemática do concello.



Ese mesmo ano, o alcalde de Oleiros, García Seoane, asina un convenio coa Xunta de Galicia e a Universidade de A Coruña para convertilo en sede do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).



Os 534.900 euros (89 millóns de pesetas) que custaron a Illa e o Castelo foron sufragados mediante a venda das parcelas municipais adxudicadas ó Concello a través do desenvolvemento do convenio urbanístico para a urbanización de Os Regos, como parte do 50% do aproveitamento do Plan Parcial.

Na actualidade, o Castelo de Santa Cruz segue albergando ó CEIDA, dependente dun Padroado integrado pola Administración local, a Universidade de A Coruña e a Xunta de Galicia. As obras de reforma e acondicionamento levadas a cabo posibilitaron a creación, no edificio central, dunha biblioteca e un fondo permanente, ademais de varias salas destinadas a exposicións, congresos e cursos formativos relacionados co estudo e a investigación da natureza.



Tantos anos de esforzo, traballo e investimento para recuperar un dos enclaves máis fermosos e significativos, obtivo nas últimas décadas diversos recoñecementos públicos como o premio de Medio Ambiente de Voces del Año de A Coruña, no ano 1998, ou a distinción europea “Centro Bandeira Azul”, que xa leva moitos anos ondeando no máis alto da súa torre principal polo seu labor de protección e preservación medioambiental. Ademais, a Dirección Xeral de Belas Artes decidiu, no ano 1994, inscribilo no rexistro xeral de Bens de Interese Cultural do Patrimonio Histórico Español con categoría de monumento.





O Castelo de Santa Cruz constitúe unha paraxe de extraordinario valor monumental e paisaxístico rodeado dun ecosistema en perfecto estado de conservación e dotado dun paseo litoral unido a terra por unha pasarela de madeira.

Tanto nas visitas guiadas que se organizan como nos paseos ocasionais, tan estendidos entre os cidadáns, pódese disfrutar dunhas vistas inmellorables e duns sendeiros acariciados pola maxia secular da nosa historia máis profunda.



PAZO DE LÓNGORA

Parroquia de Liáns



PAZO DE LÓNGORA

Parroquia de Liáns

◆ **A** historia do Pazo de Lóngora remóntase a finais do século XVIII, cando un acaudalado comerciante de orixe riojana, Marcial Francisco de Adalid, manda levantar na parroquia de Santa Eulalia de Liáns un fermoso pazo para convertelo na súa segunda residencia, pasando a ser ocupado con posterioridade polos seus fillos. Pero, sen dúbida, o inquilino máis ilustre da familia foi o seu neto: Marcial de Adalid, destacado compositor e pianista que pasou á historia de Galicia como o creador da música romántica galega e o mellor recolector folclórico do noso país. Xunto á súa esposa, Fanny Garrido, coñecida intelectual e novelista da época, converteu os exuberantes xardíns que rodeaban o pazo de estilo palaciego e construción clásica galega, nun punto de encontro obrigado para intelectuais, músicos e escritores, ademais de referente cultural para a alta sociedade coruñesa e galega, acadando así o maior esplendor da súa historia.

Tras a morte de ambos queda como única herdeira a súa filla, María de los Dolores Adalid González Garrido, quen, sen descendencia, doa a biblioteca dos seus pais á Real Academia Galega, 279 volumes que conteñen 2.279 pezas musicais rexistradas. As restantes propiedades foron legadas á congregación relixiosa dos Padres Salesianos, auténticos autores da destrución da maxestuosidade de Lóngora, convertendo pouco a pouco a beleza dos seus xardíns nunha horta destinada ó cultivo e á explotación agrícola.





No 1958, e tras vinteseis anos, os salesianos abandoan o pazo deixándoo nun estado ruinoso e onde pouco quedaba do que noutrora foran a capela, a biblioteca, a campana e o muíño público, ó que acudían a moer os veciños do lugar. A casa segue un imparabile proceso de deterioro coa presenza dos novos propietarios, os irmáns Preito Barrios, que apenas realizan reforma algunha.





Será no ano 1962 cando, da man dun empresario e comerciante coruñés natural da localidade pontecesá de Corme, Lóngora volva a recuperar parte do esplendor e a riqueza característicos dos seus inicios. Aurelio Ruenes Blanco, concelleiro coruñés e promotor do polígono de Pocomaco, devolveralle o encanto señorial coa realización de numerosas obras de restauración, sobre todo no tellado, o cruceiro, as murallas e os xardíns. Pero logo do seu falecemento e o da súa muller, o pazo caerá no esquecemento ata que o consistorio oleirense comece os trámites para a súa conservación como elemento patrimonial e uso público.

No 1994, o goberno local adquire, mediante un convenio urbanístico asinado polo alcalde, Ángel García Seoane, un terreo limítrofe ó parque da Igrexa de Liáns (de 9.784 metros), a finca amurallada e a Casa de Lóngora, pasando así a posuír unha superficie de 30.234 m², co ánimo de preservar o patrimonio municipal destinándoo a fins educativos e culturais. A cambio, os propietarios foron compensados noutros terreos da súa propiedade a través dun Plan Parcial, que tamén os obrigaba a ceder espazos para zonas verdes, equipamento público e infraestruturas viarias.

O seguinte paso na historia Lóngora prodúcese cando o Concello de Oleiros, xa titular da propiedade, ofrece finca e casa (20.450 m²) á Universidade de A Coruña para instalar alí o Instituto Universitario de Medio Ambiente coa condición de dedicalo a dita actividade durante un prazo mínimo de 30 anos e co compromiso firme de asumir a restauración do edificio e da zona amurallada, respectando os valores da antiga edificación.





A cesión foi efectuada no ano 1998 e na actualidade está a ser xestionada pola fundación universitaria, que a emprega como sede para a celebración de másters, conferencias e seminarios.

Finalmente, o Pazo de Lóngora puido reencontrarse co seu pasado volvendo a ser refuxio de intelectuais e creadores, sino imperecedoiro da súa memoria histórica.





RUINAS DE IBARROLA

Parroquia de Liáns

RUINAS DE IBARROLA

Parroquia de Liáns

◆ **A** mediados do século XIX debemos remontarnos para coñecer as orixes das actuais ruínas de Ibarrola, noutros tempos coñecidas como a Finca dos Ibarrola, primeiro apelido do seu propietario, de ascendencia vasca e veciño da Coruña, que mandou construír a vivenda como segunda residencia para época de veraneo e descanso.



Encravada nunha superficie de 4.883,25 m² e rodeada de amplos xardíns e fermosas árbores centenarias, a vivenda, levantada con grandes muros de pedra, constaba dunha parte baixa, distribuída en bodegas e cuadras, e un piso alto destinado a varias salas, dormitorios, gabinetes, cociña e outras pezas.





Por outra banda, a finca dispoñía tamén de varios mananciais. Un deles, coñecido como a Fonte de Sampaio, situado no fronte da vivenda, e outros dous interiores que abastecen a unha fermosa fonte, con forma de alxibe, situada nos xardíns, e ó lavadouro público de extramuros. Non podemos esquecernos da abundante riqueza de especies arbóreas destacando a presenza de numerosos castiñeiros, nogueiras, entre outros, compartindo ademais espazo con singulares bojs e outros exemplares centenarios.

A propiedade pasa ó único fillo do matrimonio, José Ibarrola Rodríguez, tamén residente na cidade de A Coruña, falecido no ano 1959 deixando a mesma en herdanza á súa dona, Amparo Mejuto Cagiao.

O paso do tempo e as cada vez menos frecuentes estadias dos últimos propietarios na vivenda fan mella en Ibarrola, que chega a atoparse nun estado ruinoso e de abandono. Esta situación leva, unha vez máis, ó Concello de Oleiros a interesarse pola súa adquisición para a recuperación dun ben patrimonial e a súa reutilización, neste caso, como parque público e zona de lecer ó servizo dos cidadáns posto que, ademais, atópase encravada nun marco incomparable no corazón de Montrove. No ano 1999 unha parte foi adquirida polo consistorio oleirense ós derradeiros propietarios en proindiviso, que eran o Arcebispo de Santiago de Compostela e a familia Ibarrola, chegando a acordo con algúns deles, ós que o Concello de Oleiros entregoulles dúas parcelas urbanas en compensación. Os custes do proxecto acadaron unha suma total de 206.283,203 euros, equivalente a 34.322.643 pesetas.

Na actualidade, as ruínas de Ibarrola, coas murallas parcialmente reconstruídas, confiren un encanto especial, de aspecto romántico, ó extenso parque público que o rodea, converténdoo nun dos espazos verdes máis fermosos e visitados polos veciños de Oleiros, onde tamén se atopa a coñecida Capela de Montrove.



TORRES DE SANTA CRUZ

Parroquia de Liáns



TORRES DE SANTA CRUZ

Parroquia de Liáns

◆ Aínda que as súas orixes datan do século XVII vencelladas a unha familia de liñaxe, oriúnda de Liáns, apelidada Freyre de Moscoso ou Somorrostro, será a finais do XVIII cando da man de Martín Torres Moreno, “Caballero de Santiago” e rexedor municipal de corte liberal no ano 1820, adquira o seu maior esplendor e sona entre a clase social e política máis elevada da época, ao convertela en segunda residencia destinada ó veraneo como mostra do poder e riqueza. Unha práctica moi común entre as familias fidalgas e os acaudalados comerciantes coruñeses do momento, como era o seu caso ou o do seu parente e contemporáneo Francisco Marcial de Adalid.



Tras o falecemento do seu neto e derradeiro descendente, Eduardo de Torres Calderón, o edificio pasa a ser incautado na posguerra pola falanxe, que o converterá na sede da súa Sección Femenina, acometendo unha restauración interna que acabará coa súa anterior identidade destruindo boa parte da súa singular construción, propia da Idade Moderna. Logo, caería no abandono, chegando a un estado semi ruinoso.





Coa aparición do movemento veciñal de Oleiros (1975-76), o pobo comeza a reivindicar a recuperación do pazo e dos xardíns, cunha superficie de 6.400 metros cadrados, para uso e disfrute cultural, social e lúdico. Será no ano 1981 cando o goberno municipal, ante a carencia de centros educativos no municipio e pola negativa da Xunta de Galicia a construílos, toma posesión do edificio para destinalo a colexio público, posibilitando así a escolarización digna e sen masificacións dos alumnos oleirenses. Pola súa banda, a Asociación de Veciños Santaia, xunto co pobo de Santa Cruz, fixeron o propio cos xardíns situados na finca para disfrute de todos os seus habitantes.

Unha vez construído o actual colexio Isidro Parga Pondal nas inmediacións do pazo, o edificio pasa a converterse en sede do primeiro centro de formación laboral mediante un convenio coa Xunta de Galicia.

No ano 1989, o Concello de Oleiros solicita oficialmente ó Goberno autonómico a cesión da totalidade da finca e os edificios anexos para a súa restauración e preservación como parte do patrimonio municipal destinado á implantación de servizos públicos de carácter social, lúdico e cultural, realizando un forte investimento económico no que tamén participou a Xunta de Galicia.





O seu destino pasa a ser o de Centro Cultural de uso público, tal e como se coñece na actualidade. As obras executadas permitiron recuperar parte do esplendor dos seus inicios, ademais de dotar á localidade de Santa Cruz do seu propio teatro, unha biblioteca, na que se atopa o Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro”, e un museo de alfarería “Os Oleiros”, con máis de 4.000 pezas artesáns procedentes de numerosos alfares españois.





O museo foi doado ó Concello polo seu fundador e director, José M^a. Kaydeda, polifacético artista que da nome ó mesmo. Tamén se construíu un alfar, onde se imparten clases de olería, e se recuperaron os 5.625 metros cadrados de xardín, moi empregados polos veciños no seu tempo de lecer.

No mes de xullo de 2006 foi cedido, definitivamente, ó Concello de Oleiros mediante aprobación do Consello da Xunta de Galicia.





CASA LABARTA
Parroquia de Maiorca

◆ **D**etrás da actual Lagoa de Mera, un dos principais atractivos turísticos da localidade, agóchase unha sucesión de historias marcadas por unha intensa actividade industrial, que chegou a converterse en tempos de guerra nun auténtico motor económico para as familias da zona. Falar da Finca da Braña é falar da pequena marisma, convertida en lagoa, e da Casa Labarta, recuperada polo Concello de Oleiros para dedicala a escola infantil.



Pero as orixes desta propiedade resultan moi anteriores á construción do actual edificio, xa que a finais do século XVIII existía neste emprazamento unha granxa de vacún coñecida como “A vaqueriza de Santa Clara”, propiedade dun militar que a deixa en herdanza á familia Aguado, íntimos amigos residentes en Madrid. De nada serve a insistencia do administrador das fincas por mercar este ámbito cando os herdeiros coñecen Mera e se namoran para sempre do seu encanto natural. A propiedade pasará así a mans dos seus dous fillos e dos descendentes de estes (casando

una filla con Luis Iglesias Labarta), que establecen, no remate do século XIX, unha sociedade con outra coñecida familia, xa implantada na localidade, os Cividanes. Estes son propietarios doutra casa emblemática e singular, o Arxentino, ubicada un pouco máis arriba que Casa Labarta.





Será Luis Iglesias Labarta, residente en A Coruña, quen mande levantar a vivenda da Braña para utilizala como segunda residencia. A construción, consistía nunha edificación de planta baixa rodeada de amplos xardíns e unha pequena horta. Co paso do tempo non houbo reformas nin modificacións na súa estrutura orixinal, xa que na actualidade segue a conservar a mesma distribución, agás a finca, de 1.500 metros, que se viu notablemente recortada pola construción de diversos viales secundarios e a ampliación da estrada principal.

Deste xeito se escribiron os inicios da antiga fábrica que se daría en chamar a “telleira de Mera” e da que aínda se conserva a súa centenaria chimenea, desmontada, recuperada e ubicada polo Concello de Oleiros no que hoxe en día se coñece como o parque da Lagoa de Mera. Entre as dúas familias repartíanse a ampla superficie existente, correspondendo ós Labarta a parcela sobre a que se asenta a vivenda, á beira da estrada principal, só empregada como residencia de veraneo. Sen dúbida, foron as súas herdeiras, situadas á fronte dos fornos, as que protagonizaron o derradeiro alento dunha fábrica condenada a desaparecer polo paulatino esgotamento da principal materia prima, o barro, deixando paso á aparición dunha inmensa marisma. Durante os difíciles anos da posguerra continúan a liderar o sustento de gran parte da poboación coa implantación duns talleres adicados á fabricación de bonecos.



No ano 1994, O Concello de Oleiros adquire a propiedade a Navila S.L. -promotora que ostentaba a titularidade dende facía algúns anos- coa finalidade de recuperar un dos ámbitos con máis historia da localidade para reconvertelo ó uso público. Co Plan Xeral de Ordenación Municipal, que condicionaba esta cesión ata a entrada en vigor do documento urbanístico, foi posible convertela, tras a súa restauración, nunha escola infantil ó servizo dos rapaces das parroquias de Serantes e Maianca.

Na actualidade, e tras a construción, xa en marcha, da nova escola infantil de Canide, a Casa Labarta pasará a converterse na cuarta escola municipal de infantil de Oleiros para acoller a cativos de 0 a 3 anos.





CASA AGRAMAR
Parroquia de Perillo

◆ Cando se fala da Casa de Agramar, situada na Avenida das Mariñas, en plena rúa da pasaxe, os máis vellos do lugar aínda a lembran como “a casa da aforcada” porque nela suicidouse unha francesa casada co propietario da vivenda, Ricardo González González, natural de Perillo pese a estar sempre emigrado, primeiro en Europa e logo en Norteamérica.

Esta singular construción remóntase a finais da década dos anos 30, coincidindo co remate da guerra civil española. Tras o trágico suceso, o seu dono emigra ós Estados Unidos onde, novamente, contrae matrimonio non volvendo a habitar na casa de Perillo que, co paso dos anos sufriu un notable deterioro na súa fachada debido ó abandono ó que estaba sometida.





En 1973, Joaquina Casal Rey, veciña de A Coruña adicada ó cultivo de mariscos (ameixa e berberecho) compra a propiedade ós seus donos, afincados en Nova Iorque, e realiza diversas obras de reforma para a súa rehabilitación, aínda que sen modificar a edificación orixinal. Serán os seus fillos os que no ano 1988, mediante convenio

urbanístico, cedan a Viña de Agramar, de 3.120 m², ó Concello de Oleiros, xunto cos lindeiros dos arredores dentro do desenvolvemento do proxecto de compensación de Agramar. Un acordo que posibilitou a recuperación, para uso público, dun amplo espazo costeiro na Ría da Pasaxe, marcando o inicio dun paseo marítimo que se une co de Santa Cristina.

A Casa de Agramar foi destinada polo consistorio para a uso lúdico polos mozos do municipio, que seguen a utilizala como punto de encontro xuvenil para a celebración de festas e actos recreativos.

Na actualidade sufrirá unha importante reforma interior, así como unha coidadosa recuperación e adecuación da súa fachada, coa finalidade de ampliar os servizos sociais que se prestan neste edificio. Deste xeito, un andar irá destinado ós mozos oleirenses para a realización das súas actividades, mentres que o outro pasará a ser un aula da terceira idade, para os nosos maiores. O baixo cuberta será empregado para hospedar ós cooperantes internacionais durante as súas estadias institucionais en Oleiros como colaboradores dos programas municipais de cooperación e solidariedade internacional.



CASA ECHEVERRI

Parroquia de Perillo



CASA ECHEVERRI

Parroquia de Perillo

◆ **A** Casa Echeverri, situada na localidade de Santa Cristina, é unha de tantas vivendas construídas no municipio de Oleiros na primeira metade do século XX como segunda residencia de familias acomodadas afincadas nas cidades. Edificada por un médico santiagués, Ángel Jorge Echeverri -de aí o seu nome-, está ubicada nunha finca de 3.600 metros cadrados, dos que o Concello de Oleiros pasa a obter no ano 2003 o 50 % da propiedade, xunto coa casa, que o seu propietario deu en chamar Villa Purita.



Esta adquisición foi posible grazas a un convenio asinado polo alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, para o desenvolvemento da unidade de actuación que liberou a casa e a área verde no seu entorno.

A estrutura inicial feita de mampostería, como era propio da época, conserva o seu estado primitivo malia as pequenas reformas levadas a cabo na década dos cincuenta, que afectaron fundamentalmente ó seu interior aínda que tamén se efectuaron reformas no exterior, tales como a ampliación da galería e o cerramento da fachada.





Cando o goberno municipal logra a titularidade da vivenda vese na obriga de realizar diversas obras de recuperación, dado o seu estado de abandono, e posterior acondicionamento para destinala a uso público como centro de actividades sociais. Dende fai tempo, parte das súas instalacións acollen o desenvolvemento cultural e recreativo da asociación de xubilados “Los Decanos”, mentres que o semisótano preténdese destinalo a encontros xuvenís e celebracións festivas para os mozos da zona.

Na actualidade, o goberno municipal acomete novas actuacións para a eliminación de barreiras arquitectónicas, coa instalación dun ascensor, e a remodelación da zona verde anexa.





FÁBRICA DE PERILLO

Parroquia de Perillo

FÁBRICA DE PERILLO

Parroquia de Perillo

◆ **O** edificio de A Fábrica de Perillo, actual dinamizador da actividade sociocultural e deportiva de Oleiros, agacha tras de si unha auténtica historia de modernidade e progreso consolidada ó longo de dous séculos. As súas orixes datan do XIX, cando esta emblemática construción acolle por primeira vez unha fábrica destinada á actividade industrial que estará relacionada coa produción de xabrón. De aí, a denominación do lugar onde se ubica, coñecido como o lugar de Xabrón. A finais de século cambia a produción e pasa a converterse nunha factoría especializada na elaboración e transformación da pesca.

Xa no século XX, un químico industrial, fillo de pai inglés e nai vasca, adquire a propiedade xunto con outras colindantes para transformala nunca fábrica de cervexas. Roberto Guyatt Deusto remata os seus estudos en Inglaterra especializándose en bebida alcohólica e, tras varios anos de traballo nunha compañía cervexeira, decide establecer a súa propia en Perillo empregando unha denominación, tecnoloxía e métodos de traballo moi similares ós da firma inglesa. Coa axuda do seu mestre de máquinas, un veciño de Nós chamado Pedro García Gesto, a fábrica inicia unha nova carreira industrial alá polos anos 20. Todo o que rodeaba a “The Corunna Brewing Company & Limited” adquiría tintes especiais. O envasado a presión e con barrís de madeira de carballo ou en botellas verdes de cristal de bohemia; o gravado, no que constaba o anagrama da fábrica; os singulares nomes dos diferentes tipos de cervexa ou os dispositivos especiais para o peche dos recipientes. O resultado era un produto coidado con mimo e esmero capaz de satisfacer ós paladares máis exquisitos, fundamentalmente unha colonia de ingleses asentada en Ferrol e centos de clientes residentes fóra da bisbarra, ós que se surtía en embarcacións que cargaban no peirao da finca, coñecido aínda como a “Rampa do inglés”.



A forte competencia da fábrica coruñesa e algún que outro contratempo fixeron dobregar ó Sr. Guyatt, nunha época na que a cervexa non gozaba da popularidade de hoxe en día, tendo que proceder ó desmantelamento das instalacións e á venda da maquinaria e dos materiais. Posteriormente, o edificio foi sede dunha compañía de petróleos e de Unión de Explosivos, que descargaba o material no peirao da fábrica para conducilo por terra ó “polvorín” de Punta Fieiteira. Logo estivo arrendada á sociedade “La Pesquera del Norte de España”, adicada ó envasado de olivas recheas de anchoa. Esta etapa tamén resultou moi fructífera para a economía local, posto que os empregados eran, principalmente, mulleres residentes en Perillo, feito que contribuíu notablemente ó desenvolvemento da localidade. Na década dos 60 albergou as naves dunha empresa adicada ó tinte de las e, finalmente, os estaleiros de José Valiña Lavandeira.



Nembargantes, Roberto Guyatt nunca vendeu a propiedade, que, tras a súa morte e a da súa dona, pasou a mans dos seus fillos: Dorotea e Harold-Valentine Guyatt Collingwood.

Será no ano 1994 cando o Concello de Oleiros, mediante un convenio urbanístico asinado cos herdeiros vitalicios, adquire os 5.000 metros cadrados, colindantes coa Ría do Burgo, nos que se enclavan o edificio de A Fábrica e a vivenda anexa, propiedade da familia Guyatt, para destinalos a uso e disfrute dos veciños de Oleiros. Deste xeito, a antiga cervexeira converterase no centro sociocultural e deportivo que coñecemos na actualidade. As numerosas obras de reforma e adaptación levadas a cabo para poder albergar unhas instalacións específicas, modernas e con capacidade, non alteraron nin un ápice a súa estrutura orixinal.





Pola súa banda, a familia titular dos terreos foi compensada urbanisticamente coa edificabilidade que se lles outorgou nos 7.000 m² restantes que posuían nas inmediacións.



Na actualidade, a Fábrica de Perillo está a ser un dos principais motores da actividade municipal, congregando cada día a centos de persoas no seu interior. No edificio conviven diferentes departamentos municipais de xestión administrativa: o Centro de Información Xuvenil, o Servizo municipal de Deportes e outras áreas institucionais. No entanto, o seu uso e finalidade principal consolídase coa implantación das Escolas Municipais de Música e Danza, que dispoñen de varias salas de ensaio e formación cada unha delas. Así mesmo, habilítouse unha zona para o desenvolvemento de actividades náuticas, onde se ubican a Escola de Remo e o Club de Regatas Perillo. O edificio de A Fábrica completa a súa prestación pública cunha piscina climatizada e un auditorio, en atención ás necesidades da poboación oleirense.

mostra palpable da útil e próspera reconversión efectuada en beneficio de todos os veciños.



Sen dúbida, estamos ante un exemplo de preservación dun dos edificios máis emblemáticos da historia de Oleiros e

CASA GUYATT

Parroquia de Perillo



◆ Formando parte do convenio urbanístico do complexo de A Fábrica, asinado coa familia Guyatt, atópase esta construción de principios do século XX, onde viviu Roberto Guyatt coa súa familia. O goberno local non obtería os dereitos sobre a propiedade ata que os seus últimos propietarios deixaran de usala ou precisala, segundo acordo establecido no convenio asinado coa familia e, sempre respectado polo consistorio. De feito, cando se acondicionou a Fábrica os Guyatt aínda residían na vivenda, de baixo, primeiro e baixo cuberta.

As obras de reconstrución, realizadas nos últimos anos, posibilitaron a recuperación interior do edificio para uso hostaleiro (cafetería-restaurante) aberto ó público e, especialmente, de uso e servizo dos usuarios de A Fábrica, incorporándolle novos elementos arquitectónicos externos que permiten completar a paisaxe da ría e un maior aproveitamento da luz natural grazas á súa privilexiada ubicación, lindando co paseo marítimo e rodeada de xardíns amurallados que gozan dun indiscutible encanto romántico.





B
FINCA BESCANSÀ
Parroquia de Perillo

FINCA BESCANSA

Parroquia de Perillo

◆ Para coñecer as orixes da Finca Bescansa, ubicada nas inmediacións da Ría do Burgo, debemos bucear pola historia ata remontarnos ó século XVII, época na que se constrúe un polvorín para nutrir ó Castelo de Santa Cruz, incluído no sistema defensivo da baía coruñesa xunto cos fortes de San Antón e San Diego. Esta función estratéxica prolongarase no tempo ata o século XIX, época na que todas as fortificacións perden a función que viñan desempeñando. Durante este período hai quen asegura que Bescansa foi testemuña do desembarco de Carlos V durante a súa última estadía na Coruña.

Posteriormente adquire a propiedade un veciño de Palma de Mallorca. No entanto, pouco tempo despois decide vender, pasando, no ano 1853, a mans de Francisco Tárrago, un comerciante da Coruña que merca a finca para engadila a outras posesións que tiña na parroquia de Perillo e convertela nunha segunda residencia destinada ó tempo de veraneo. A propiedade, de 6000 m², constaba dunha vivenda de piso alto, bodega, un pequeno embarcadiro e un pequeno torreón que se conserva intacto hoxe en día.



No ano 1907 pasa, por herdanza -procedente da súa tía, Carmen Tárrago Taibo, filla de Francisco-a Flora Aler Tárrago, casada con Luis Bescansa Casares (de aí a súa denominación futura), un farmacéutico, por tradición familiar, de ascendencia navarra, pero asentado na cidade herculina e que xa contaba con algunha propiedade na localidade de Santa Cruz. Será este matrimonio o que acometa, alá polo ano 1910/12, a reforma máis notoria da casa, feita con muros de pedra e forxados de madeira, en moi mal estado de conservación. Coa intención de adecuala ós tempos e ás novas necesidades dunha numerosa familia encárganlle a un prestixioso arquitecto, ademais parente directo, Leoncio Bescansa Casares, os traballos de remodelación e ampliación da vivenda, que tiña adosado un terreo rectangular fóra das murallas, propiedade dun irmán da dona da Finca Bescansa.



Ata a metade da década dos setenta foi empregada como residencia de veraneo polos seus propietarios e descendentes. Pero a morte dun membro da familia no interior da vivenda marcará o fin dunha etapa, e a Finca Bescansa caerá na decadencia e o abandono. Esta situación de ruína agrávase máis, se cabe, durante a prolongada estadía dun grupo de okupas que toman a propiedade, xa baixo a titularidade dunha promotora local. Ante a grave situación de deterioro e ruína na que se atopaba inmersa a finca Bescansa, o Concello de Oleiros urxe a necesidade de salvagardar este ámbito, do que só se conserva o torreón e algunhas especies arbóreas, para incorporalos ó patrimonio municipal, dado o seu valor histórico, xunto co desenvolvemento de novos espazos e solos urbanos costeiros para uso público.

No ano 1993, o alcalde de Oleiros, asina un convenio urbanístico cos promotores titulares para o desenvolvemento dun proxecto de compensación que posibilitou a publicación do borde costeiro da unidade de actuación e a construción dunha zona verde cunha extensión superior ó 50% da superficie dos terreos da mesma. A adquisición da titularidade de Bescansa resultou da cesión obrigatoria do 10% do citado proxecto, permitindo ó consistorio, ademais, prolongar o paseo marítimo cara Beiramar.

Por outra banda, a actuación urbanística realizada fixo posible que aínda se conserven nos xardíns de Bescansa varias árbores con preto de cen anos de historia, así como dous singulares olivos, pertencentes ó último tercio do século XIX. Tras a súa restauración, a parte baixa da vivenda porase a disposición dos mariñeiros de Perillo para o desenvolvemento dos seus labores cotiáns.





VILLA RÍA LEDA

Parroquia de Perillo

VILLA RÍA LEDA

Parroquia de Perillo

◆ O pasado de Villa Ría Leda constitúe unha desas historias escritas con amor e bágoas. Unha declaración romántica con trágico final que cambiará o rumbo do destino para o que fora concibida.

O arquitecto coruñés Rafael González Villar, un dos máximos expoñentes do modernismo galego de comezos do século XX, proxecta no ano 1912 unha casona con amplos xardíns a carón da N-VI (zona Agramar), na localidade de Perillo, como residencia de veraneo e agasallo para a súa dona, Antonia Sainz de Varanda Lavagge. Será unha casa singular, englobada na tendencia europea máis importante da época, con evidentes influencias do estilo vienés, e na que se integran elementos da arquitectura popular galega, revestidos de barroquismo.

A repentina e prematura morte da súa dona, que non puido ver rematada a obra, fixo que nunca se chegara a usar como vivenda, converténdose nos anos vinte nun prestixioso restaurante no que se daban cita diferentes personalidades da alta sociedade coruñesa. Poucos anos despois, volve a converterse en vivenda particular e residencia para un grupo de monxas mercedarias, que o seu dono decide acoller cando chegan a Oleiros procedentes de Madrid nun intento por escapar da Guerra Civil. Durante a súa estadía, as relixiosas instalan en Ría Leda unha escola privada.

Na década dos cincuenta, o propietario, Jesús López Cabañas, emigra a terras arxentinas e vende a casa a un veciño de Lugo que levará a Villa Ría Leda á ruína e á decadencia máis absolutas, caendo así no esquecemento ata chegar a súa etapa máis decadente que afectará gravemente tanto á casa como ós frondosos xardíns noutrora. O dono arruínase e a finca será subhastada.





O seu último propietario pretendía, na destructiva década dos anos oitenta, reconverter a finca coa construción de edificios pero o goberno municipal, mediante o primeiro Plan Xeral de Ordenación Municipal do 1984, declarou Villa Ría Leda patrimonio arquitectónico, de alto valor histórico e singular, poñendo fin así ás perversas intencións do seu dono. Anos despois foi vendida a un promotor e obxecto dun grave incendio que

reduciu a cinzas a totalidade da edificación conservando tan só parte do seu esqueleto. Nesta época, o seu propietario tamén perseguía fins urbanísticos, pero a perseveranza do goberno local na defensa do seu patrimonio levoulle a suxerir a sinatura dun convenio urbanístico, no ano 1993, para conseguir a titularidade municipal, compensando ó particular con outro terreo da súa propiedade.





Tras a adquisición formalizada polo mandatario local, Ángel García Seoane, e grazas á colaboración dunha escola taller, formada por sesenta mozos oleirenses baixo a dirección do arquitecto municipal, Enrique Seoane, o Concello de Oleiros acometeu unha forte reconstrución do edificio, que pasou a acoller a sede central da Rede Municipal de Bibliotecas de Oleiros, dende onde se coordinan as nove bibliotecas distribuídas polas parroquias do municipio con 429 postos de lectura.



Outra escola taller, especializada en xardinería, foi a encargada de recuperar os 6.627 metros cadrados dunha finca na que se ubican fermosos xardíns dotados dunha ampla diversidade de especies arbóreas.

Na actualidade, Ría Leda está considerada unha das bibliotecas municipais máis importantes de Galicia, ademais de ser pioneira, como concello piloto, na implantación dun programa de automatización, grazas á súa elevada dotación de recursos técnicos e humanos. Hoxe en día dispón dun fondo bibliográfico de 116.598 volumes, que a sitúa, dentro das redes municipais, por riba da media de Galicia e de España. A intensa actividade cultural e literaria tamén a fíxo merecedora, en diversas ocasións, de premios e distincións a nivel nacional, así como polo importante labor que desempeña na promoción e fomento da lectura, con programas, actividades e áreas adicadas ó seu desenvolvemento segundo a idade e as necesidades dos usuarios.

Entre outras infraestruturas tamén dispón de hemeroteca, fonoteca e videoteca que se completan cun amplo servizo público de conexión a internet, achegando á poboación as novas tecnoloxías dun xeito cómodo e gratuíto.





Parroquia de San Pedro de Nos



◆ **C**ando nos situamos en San Pedro de Nos, a carón da N-VI, contemplando o maxestuoso palacio de As Cadeas, de evidente evocación francesa, o tempo parece deterse. O século XIX envolve cada recuncho desta fermosa finca amurallada, de 89.050 m², outorgándolle tanto á casa principal como ós amplos xardíns que a rodean certo aire aristocrático con sabor ecléctico, propios dunha época fortemente marcada pola transición de estilos.



Construído no 1875 polo arquitecto Faustino Domínguez Coumes Gay a petición do marqués de Loureda e avó do seu propietario, Fernando Marchesi Quiñones de León, está considerado o edificio máis fermoso de Galicia de finais de século. Impecablemente conservado, ao seu través aínda se poden respirar o refinamento e as costumes aristocráticas que nel se conxugaron dende o seu nacemento. Non en vano, o monarca Alfonso XII elixiuno como residencia nunha visita á nosa Comunidade e de aí o seu nome, xa que o distintivo de cadeas usouse como denominación histórica das mansións que albergaban a personalidades destacadas da realeza.



Pero a súa grandeza non só reside nas súas orixes, senón tamén na actualidade, posto que 131 anos despois segue conservando intactos tanto a arquitectura como o mobiliario e a súa decoración. Tan só se realizaron algunhas reformas no seu interior que pasaron por unha ampliación dos cuartos de aseo para adecualos ós novos tempos.

A través dun gran vestíbulo accédese ó seu interior, de onde parte unha enorme escaleira que comunica as súas tres alturas. Os salóns e o comedor do primeiro andar, abertos ós xardíns que rodean o edificio, dan paso a un segundo nivel onde se atopan os dormitorios, despacho e un vestidor, repletos de ornamentos decorativos de claro gusto francés e marcada tendencia isabelina de finais do século XIX.






Por último, destacan a biblioteca, a capela e un cuarto de planchar que aínda conserva as pedras de cantería empregadas para quentar as rudimentarias máquinas daquela época.

O palacete de As Cadeas está situado no eixo central da finca, rodeado por inmensos xardíns de liñas xeométricas perfectamente delimitadas. A carón do edificio principal levántase outra construción destinada ós empregados do servizo que se atopaban a disposición permanente dos donos da finca.

Conscientes da importancia de preservar este importante legado histórico como un elemento patrimonial e cultural do Concello de Oleiros, o goberno municipal manifestou o seu interese por incluílo no inventario municipal de inmobles coa finalidade de garantir a súa permanencia, evitando así que caese nun futuro en mans de posibles especuladores.





Un convenio urbanístico asinado no ano 2004 entre o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, e o seu actual propietario, Fernando Marchesi Quiñones de León, fixo posible a transmisión do palacio e a constitución de usufructo a favor do Concello de Oleiros, así como do entorno, no que se atopan os xardíns centenarios que o rodean, cunha extensión de 22.520 m².

Na actualidade, As Cadeas será sometido a un minucioso e exquisito proxecto de reforma e acondicionamento, respectando toda a súa grandeza e beleza orixinais, coa intención de destinalo a uso hoteleiro ó máis puro estilo francés albergando, case con toda probabilidade, unha <chateau>, característica da ribera francesa como versión contemporánea das innumerables mansións e palacetes que poboan esa zona.





PAZO DA CARBALLEIRA
Parroquia de San Pedro de Nos

PAZO DA CARBALLEIRA

Parroquia de San Pedro de Nos

◆ A recuperación do Pazo da Carballeira para uso público, levada a cabo polo Goberno de Oleiros, é o desexo cumprido de quen foi unha auténtica dama do século XIX, Juana de Vega. Muller ilustre e liberal, sempre foi unha incansable defensora das causas nobres e dos máis desfavorecidos. Precisamente, foron os seus valores progresistas, sempre adiantados ó seu tempo, os que a converteron en educadora da raíña Isabel II durante a época do rexente Espartero.



A edificación que leva o seu nome foi construída a finais do século XVIII polo seu pai, Juan Antonio de la Vega, un rico comerciante de Mondoñedo afincado na Coruña e de marcada tendencia liberal, que a utilizou como segunda residencia e quinta de recreo. Ubicada no corazón de San Pedro de Nos, a casa dos Vega foi durante décadas importante punto de encontro para militares e políticos coruñeses, que acudían con asiduidade ás tertulias e xuntanzas que alí se celebraban. De feito, foi nunha delas onde xurdiu o frechazo, que acabaría en boda por poderes, entre o Xeneral Espoz y Mina, sobranceira figura do exército español, e unha nova Juana De Vega. A partires de aquí, a súa será unha intensa historia de amor duradeira e consolidada pese á distancia, ás contradicións e ás persecucións políticas polo pensamento liberal de ambos.





Á morte do seu esposo, en 1836, regresa á Coruña, e baixo o título de Condessa de Espoz y Mina, en honor á memoria do caudelo, comeza unha nova etapa da súa vida, entregada a realizar obras de carácter social que compaxina coa celebración de intensas tertulias e foros políticos vencellados ó liberalismo, converténdose nunha referencia fundamental.

Coñecedora da situación de marxinalidade que atravesaba o medio rural naquela época, e nun intento por potenciar o seu desenvolvemento na comarca, expresou no seu testamento, dictado en 1869, a súa vontade de que a casa e a granxa da finca da Carballeira, de 55.632 m², se destinasen á instalación dunha escola agraria para a formación e consolidación do campo galego.



Por dar cumprimento á súa decisión e como homenaxe do pobo de Oleiros a quen fora loitadora dos dereitos e liberdades dos cidadáns, o goberno municipal amosou sempre moito interese e colaboración para pór o Pazo da Carballeira a disposición pública. Así, grazas ó Plan Xeral de Ordenación Urbana, no ano 1996 o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, logra asinar un convenio urbanístico cos representantes da Fundación Juana de Vega (creada por ela mesma para xestionar e dirixir o seu patrimonio). Este acordo posibilitaría a cesión gratuita de 25.200 m² destinados á implantación dunha escola de profesións e oficios vencellados ó uso natural do solo e estendida pola finca amurallada e unha boa parte do Pazo, convertida en sede da fundación. Tamén pasan a uso público os 10.000 m² do antigo campo do fútbol do Hércules, agora destinado á práctica de actividades deportivas municipais.




No momento da firma, o edificio atopábase en estado semi ruinoso polo abandono no que caeu logo de ser utilizado por unha congregación de relixiosas, que ademais de explotar os campos de cultivo destinaron a escola privada parte das súas instalacións. As obras de restauración e acondicionamento, acometidas pola Fundación Juana de Vega, superaron o 1.202.000 euros.

Formación “Isaac Díaz Pardo”. Ademais, no interior do Pazo o consistorio dispón do uso permanente dunha superficie de 200 m², destinada á área formativa de xardinería e viveirismo para o desenvolvemento de diversos cursos e charlas ó longo do ano.

Dende o 1998, o 50% da finca acolle as instalacións do viveiro municipal dependente do Centro Municipal de

Outro dos acordos adoptados pasa polo compromiso de destinar á Fundación 24.000 euros anuais para o mantemento da escola.



CASA CHARRY

Parroquia de Santa María de Oleiros

CASA CHARRY

Parroquia de Santa María de Oleiros

◆ Ubicada nas inmediacións da actual Casa Consistorial de Oleiros, Casa Charry é un dos exemplos máis significativos da política de rehabilitación do patrimonio municipal emprendida polo grupo de goberno local.

Este edificio é un claro expoñente da construción colonial e modernista de principios do século pasado, tamén coñecida como “arquitectura de indianos”, pese a que hai quen a sitúa no último tercio do XIX. As orixes deste singular edificio, construído en mampostería e cunha notable sobrecarga de elementos ornamentais, poderían estar vencelladas a un familiar, posiblemente o pai, do xeneral José Ruibal Puente, militar na dictadura de Primo de Rivera e Alcalde de Oleiros en dúas ocasións - período 1924-28 e 1940-41, quen posúe a propiedade xa no ano 1900. A súa imaxe aínda está presente en Casa Charry cun busto no que se lembra a súa faceta como rexedor municipal. Na década dos cincuenta cede ó Concello de Oleiros o solar onde se ubica a actual Casa Consistorial, así como o terreo onde se atopan a nova igrexa parroquial, a gardería, situada en fronte, e a superficie ocupada polas escolas unitarias de Río da Loba.





Tras a súa morte, solteiro e sen descendentes, a propiedade pasa a mans do único herdeiro da familia, o seu sobriño, Agustín Ruibal Charry, quen acomete importantes reformas tanto no interior do edificio como nas fincas colindantes. As obras afectan especialmente á parte traseira da propiedade, onde se construíron unha granxa e unha horta. Antes de falecer manifesta a súa vontade de ceder Casa Charry ó consistorio coa finalidade de garantir a súa preservación. Morre sen deixar fillos, polo que a titularidade pasará a uns primos que residían fóra do municipio.

Ante a situación de abandono e semi ruína na que se atopaba Casa Charry, o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, asina no ano 1987 un convenio urbanístico coa familia Charry Pérez, mediante o cal a vivenda e a extensa superficie de terreo circundante pasan a ser patrimonio municipal, destinados a equipamento público con amplas zonas verdes, a ordenación dun parque público e un centro social, ubicado no seu interior.



Na restauración e o acondicionamento de Charry o consistorio respectou integramente a imaxe e as formas arquitectónicas da construción orixinal, que hoxe acolle o salón municipal de sesións, unha galería de arte empregada para exposicións de diversa temática, salas de reunións e unha aula para os maiores.





**CASA GARCÍA DE DIOS**
Parroquia de Santa María de Oleiros

CASA GARCÍA DE DIOS

Parroquia de Santa María de Oleiros

◆ **A** Casa da familia García de Dios, situada á beira da estrada que une os municipios de Oleiros e Sada, é todo un exemplo de arquitectura popular de finais do século XIX, como ben apunta a súa estrutura e a construción a carón da principal vía de comunicación do Concello, algo moi típico dos pobos por aquel entón. Foi construída por Eduardo García de Dios como segunda vivenda para a súa familia, residente na cidade de A Coruña. No ano 1902 adquire unha propiedade anexa para destinala a cocheira, con amplos espazos verdes nos que destacaba un frondoso e coidado xardín de nobre vexetación. Co paso dos anos sufriu varias reformas baseadas en ampliacións que deron paso á construción dunha gran galería situada na parte traseira.




A estrutura inicial de planta baixa e buhardillón sempre foi respectada polos seus posteriores propietarios, os seus tres fillos. O último deles, Joaquín García de Dios Linares, e a súa dona, María de las Mercedes Trullenque Aguiar, quen no ano 2000 vende, xunto cos seus fillos, a propiedade e dúas fincas contiguas, cunha extensión total de 2.040 m², ó Concello de Oleiros. Deste xeito lógrase recuperar esta antiga casa para destinala á prestación de novos servizos públicos, neste caso de uso administrativo, ampliando as oficinas municipais ubicadas en fronte, pola parte traseira. A necesidade de incrementar as dependencias da Casa Consistorial e a idónea ubicación desta finca amurallada pola súa proximidade ó edificio central motivaron a súa adquisición.

No entanto, o Concello de Oleiros viuse obrigado a realizar un forte investimento para recuperar o vello edificio, que se atopaba nun estado de semi ruína, respectando a súa arquitectura externa e adecuando os espazos interiores ás necesidades requiridas polos novos servizos administrativos.

Actualmente, a casa García de Dios é un exemplo vivo rescatado polo Concello do pasado e que continúa a facer historia albergando no seu interior diversos servizos públicos a disposición dos veciños. Aquí atópanse as áreas de economía e facenda, obras públicas e informática.

Na parte de atrás, comunicando coa praza de Galicia, esténdese o fermoso parque Víctor Jara, no que se manteñen intactas as árbores centenarias. O seu nome é unha homenaxe pública á persoa e figura do cantautor chileno, que soubo como ninguén, coas súas letras, defender as liberdades dun pobo preso e oprimido pola man asasina do ex-dictador Pinochet, a mesma que lle deu morte, como a tantos outros loitadores polos dereitos civís, a paz, a xustiza e a democracia.





CASA DO ARGENTINO

Parroquia de Serantes

CASA DO ARXENTINO

Parroquia de Serantes

◆ Para coñecer a historia da Casa do Arxentino debemos realizar un longo e confuso percorrido polo tempo, remontándonos ata o século XIX. O pórtico de pedra e os azulexos decorados no remate superior das fachadas evocan elementos arquitectónicos típicos do historicismo que sitúan a súa orixe baixo unha clara influencia andaluza ou portuguesa. Esta última parece cobrar máis peso, xa que o primeiro propietario que se coñece era un veciño da parroquia de Serantes, natural de Portugal. No ano 1841, Xosé Cividanes Español merca, xunto cun irmán, varias propiedades no lugar, entre as que figura a “Finca do Arxentino”, onde edificará unha construción singular moi semellante á actual lindando cunha horta amurallada de árbores froiteiras, dende onde se podía escoitar o son dunha fonte de pedra.

No 1864, Cividanes vende a totalidade da finca a Fermín Rubio Ledesma, procedente de Madrid. Vintetrés anos despois, o novo dono morre e lega a propiedade á súa dona, quen a venderá seis meses despois a unha das súas fillas, Adelaida Rubio Costas. Durante a súa estancia realiza diversas melloras na casa respectando a estrutura orixinal da mesma.



A comezos do século XX, en 1904, un acaudalado lugués chamado Eduardo Castillo Silva, posuidor dunha fortuna amasada en América, compra a finca para destinala a residencia de veraneo da súa familia. Nesta época aparece, por primeira vez, a denominación de “Casa do Arxentino”, debido quizais á orixe emigrante do seu dono. O edificio vive anos dourados e de esplendor, converténdose en testemuña da vida bohemia e vangardista dos seus inquilinos, artistas e intelectuais que representan a incipiente riqueza cultural da España da posguerra.



No ano 1929, Eduardo Castillo véndelle a propiedade á súa filla María de las Mercedes, solteira e veciña de Málaga, que converterá a casa e os xardíns en motivo de envexa e admiración dos seus veciños. Cando morre, no 1962, lega a propiedade a unha amiga súa, que a venderá, un ano despois, dividida en catro. A partires de aquí, a Casa do Arxentino vai esmorecendo, chegando a ser saqueada en numerosas ocasións, o que a levaría a un estado completamente ruinoso.

No ano 1995, o Concello de Oleiros asina un convenio urbanístico que posibilita a recuperación deste singular edificio, situado no centro de Mera nun ámbito de 1.790 m² destinados a praza pública e adecuación da vivenda, que o Concello de Oleiros converterá nun pequeno hotel con encanto. Para elo, o consistorio sacará, nos vindeiros meses, a concurso público a súa explotación coa intención de revitalizar así o interese turístico da localidade de Mera.





CASA DO FAREIRO

Parroquia de Serantes

CASA DO FAREIRO

Parroquia de Serantes

◆ Na primeira década do século XX comezaron a funcionar dous faros, ubicados no promontorio de Punta Mera, para marcar a enfilación noroeste de entrada no porto de A Coruña. Máis concretamente, foi o 2 de xullo de 1918 cando as luces acenden por primeira vez, con moita gasolina e non menos problemas. Entre ambas torres construíuse unha vivenda para o fareiro, de 175 m² en con forma de T, pola que pasaron algúns nomes que hoxe forman parte xa da historia de Oleiros.



Baldomero Sánchez (ata o 1945), Luis Fernández (ata o 1955), Casimiro Piay (dende o 1957) e Joaquín Hernández son algúns exemplos. Algúns deles compaxinaban o seu traballo diario coa docencia clandestina, impartindo clases ós rapaces da localidade malia estar expresamente prohibido. De feito, moita xente do lugar recorda ter acudido á escola do faro, onde o ensino era máis liberal que nas escolas

nacionais da época, onde se perseguía ós rapaces segundo a tendencia política dos seus pais e se lles obrigaba a facer desfiles de estilo militar.



No ano 1944 procédese á realización da primeira reforma da vivenda, que dispoñía de cociña, dormitorios, aseo, taller e despacho, dado o estado deplorable do edificio, que sometía ó seu inquilino ó desenvolvemento dunha vida en condicións pésimas e infrahumanas, así recollidas nos seus diarios. Cincuenta anos despois será o Concello de Oleiros quen acometa a electrificación do servizo prestado e a construción dunha estrada de acceso.



O seu entorno inigualable, catalogado como espazo protexido pola Rede Natura da Unión Europea, fai da Casa do Fareiro e o Faro de Mera un punto turístico de visita obrigada polo seu interese medioambiental e paisaxístico.

Nos traballos de recuperación do antigo edificio, dirixidos polo arquitecto César Portela, instalouse na parte alta do mesmo un mirador dende onde se pode observar a entrada marítima á Coruña procedente das rías de Ares e de Ferrol. Un enclave único para deleite dos amantes da natureza en estado puro e salvaxe.

Será en 1999 cando o Concello de Oleiros asine un convenio coa Autoridade Portuaria de A Coruña, titular dos inmobles (faros e vivenda), para a súa cesión gratuíta, por cinco anos e sucesivas prórrogas anuais, coa finalidade de destinala a centro de ocio ecolóxico de interese e disposición públicos. No 2002, o goberno local adxudica os traballos de rehabilitación do edificio para converter a casa do fareiro no actual centro de interpretación medioambiental do entorno da Costa de Dexo e Serantes. Deste xeito, a antiga vivenda transformouse nun moderno museo coñecido como o Centro de Visitantes do Monumento Natural, que alberga no seu interior varias exposicións permanentes sobre o ecosistema mariño e as actividades marítimo-pesqueiras vencelladas ó sector, grazas tamén a un convenio asinado coa Fundación Arao.



P
atrimonio
Religioso
recuperado



Igrexa parroquial
SANTA MARÍA DE DEXO

Parroquia de Dexo

Igrexa parroquial SANTA MARÍA DE DEXO

Parroquia de Dexo

◆ A igrexa parroquial de Dexo, situada na estrada local que une Mera con Lorbé, constitúe un fermoso exemplar do románico rural galego cunha soa estancia rectangular, capela maior e semicircular con arco triunfal sobre semicolumnas adosadas. No exterior destaca unha colección composta por catorce canecillos, moi erosionados, pero nos que aínda se recoñece unha variada decoración integrada por animais diversos, cabezas humanas e algunhas figuras xeométricas.

Foi reedificada e bendecida en 1108 por Diego Gelmírez, Arcebispo de Santiago, segundo a “Historia Compostelana”. Posteriormente, no ano 1148, o Abade Martín volve facer obras de reconstrución e restauración para a mellora do templo. A portada construíuse a finais do século XII. Entre obras, reformas e proxectos vaise escribindo a historia desta singular igrexa, rodeada por un camposanto que fai as veces de cerramento natural do conxunto parroquial.



En pleno século XVIII continúan os traballos dentro e fóra do templo, destacando nesta etapa dúas obras fundamentais: a reconstrución da capela maior, en 1733, derrubada na súa meirande parte, e a creación da actual espadaña, en 1793, para albergar as dúas campanas e o coro.

Sen dúbida, o momento máis dramático da súa historia é o incendio acontecido a primeiros do século XX (1903), causante principal do seu debilitamento estrutural, de xeito que chega a desplomarse a fachada principal tras soportar, nos últimos tempos, unha inclinación de 3,5° sobre o eixo vertical. A súa proximidade ó mar foi suficiente para facer o resto. Co paso dos anos, o templo sofre unha acusada erosión pola concentración no aire de sales e outras sustancias. Esta situación, que condenaba á ruína e ó derrumbamento a súa fachada principal, levou, no ano 1989, ó consistorio oleirense a realizar un ambicioso proxecto de restauración coa finalidade de reparar os graves problemas de estabilidade e firmeza que presentaba a estrutura do edificio. Houbo que desmontar e refacer as partes arruinadas, muros agretados e unha minuciosa rehabilitación do muro da fachada, revestíndoo dunha cimentación adecuada.

A recuperación do templo, como parte do patrimonio relixioso de Oleiros, pasou pola eliminación dos elementos alleos á construción inicial, que só estaban a dificultar a súa estabilidade (zona do coro e a sancristía), mentres que se rescataron todas as partes e materiais que deran forma á construción orixinal. Foi un traballo complexo e difícil, no que se coidaron todos os detalles con sumo esmero e mimo.



Así, cando se realizaron as obras de limpeza dos muros e encaixe do pavimento desmontáronse individualmente, seguindo un proceso de numeración, acopio e apeo do edificio.

Durante a realización destes traballos atopáronse unha lauda de adoración ó deus Xúpiter e un rosetón, de finais da etapa románica, reubicado polo goberno municipal na fachada da igrexa tras permanecer oculto durante séculos nas reconstrucións levadas a cabo ó longo da súa historia.

Esta última restauración, levada a cabo polo goberno local, foi realizada polo arquitecto José Ramón Soraluze Blond e inaugurada no ano 1991, coa presenza do arcebispo de Santiago de Compostela, quen tivo que volver a bendecila, para uso de todos os feligreses e veciños de Oleiros.



An aerial photograph showing a church with a red-tiled roof and a bell tower on the left, surrounded by a dense forest. To the right is a large cemetery with many white tombstones and a central green lawn. The text 'IGREXA STA. EULALIA DE LIÁNS' is overlaid in white, with a green decorative flourish behind the 'S'. Below it, 'Parroquia de Liáns' is written in a smaller white font.

IGREXA STA. EULALIA DE LIÁNS

Parroquia de Liáns

IGREXA DE STA. EULALIA DE LIÁNS

Parroquia de Liáns

◆ **A** igrexa de Santa Eulalia de Liáns, construída no século XVII, é unha das xoias do barroco rural galego. Concentra a meirande parte da súa riqueza ornamental e valor histórico na súa fachada e no cruceiro que preside o entorno, cuberto por un lucernario que acolle no seu interior retablos típicos da época como principal expresión das tendencias artísticas do momento. Pero as peculiaridades desta construción tamén evidencian as diferenzas culturais que conviven na parroquia de Liáns. O seu estilo moderno e neoexpresionista, conxugando curvas con muros rectilíneos, contrasta coa sobriedade da igrexa parroquial.



Repetidos roubos e incendios levaron á desaparición de boa parte da documentación histórica durante preto de dous séculos. Pero en 1772, tras unha visita do arcebispo, atópanse algunhas pezas no interior da igrexa, agochadas para evitar posibles saqueos e roubos tan frecuentes por esas datas. Tratábase de simples pertenzas de pouco valor, pero moi numerosas, xeralmente procedentes de doazóns feitas polos señores do lugar.



Ó longo da súa historia, a igrexa de Liáns sofre numerosas obras de mellora e mantemento. A primeira delas, aparece datada no 1712 e consistirá na realización dalgúns traballos no exterior do templo. Co paso dos anos, os traballos sucédense, aínda que o seu aspecto arquitectónico non muda notablemente. Obras de cantería na fachada, aumento de sepulturas, renovación das escaleiras do presbiterio e algunhas reformas no interior do altar e outras dependencias contribúen a mellorar a imaxe da igrexa, lonxana dos excesos ornamentais e transgredindo a tradición arquitectónica relixiosa.

Dos elementos decorativos que conforman o interior do engaiolante templo de Liáns destaca o “Retablo de los Dolores”, transportado en barco ata A Coruña no ano 1828 e, dadas as súas dimensións, trasladado dende o peirao ata a localidade oleirense por varios mozos. Outro dos estandartes desta igrexa é a imaxe de Santa Aia, que pasa a presidir o altar maior no 1955, procedente de Madrid e como agasallo de Antón Pastor, que a atopou nunha casa de antigüidades da capital.



O primeiro Plan Xeral de Ordenación Municipal, de 1984, contempla zonas destinadas á ampliación dos cemiterios parroquiais. A negativa a desenvolver os solos previstos no entorno de Liáns e a pretensión caprichosa, antiestética e masificadora dalgún responsable eclesiástico, levou ó Concello de Oleiros a abordar a construción do primeiro cemiterio municipal de Liáns. No 1987, o goberno local procede á expropiación dos terreos para acometer tan necesario proxecto.



Na actualidade, o camposanto está dotado dunha grande área de aparcamento e espazos verdes para uso público, enriquecendo así un entorno conformado por amplas zonas de paseo con numerosas especies arbóreas, algunhas delas de gran valor natural e paisaxístico.

O primeiro Plan Xeral de Ordenación Municipal contemplaba a protección especial dos entornos dos monumentos históricos e patrimoniais, tanto civís, militares como eclesiásticos, existentes no Concello de Oleiros coa creación de grandes áreas verdes e dotacionais.

Neste ámbito, o consistorio preveu a construción do primeiro cemiterio municipal, así como a ordeación do adro da igrexa e as conexións da mesma coas zonas habilitadas para aparcamento público e camposanto mediante unha fermosa escalinata construída polos alumnos da Casa dos Oficios de Oleiros.





Estes espazos víronse incrementados coa aprobación do PXOM do 97, no que o citado ámbito inclúese nunha superficie de 400.000 m² de protección para o Parque Metropolitano, que dende a praia de Bastiagueiro, ladeiras arriba, vén rematar nas agras de Lamastelle.

Ante o escandaloso deterioro que sufriu a igrexa, no seu interior e exterior, o Concello obrigou ós responsables do Arcebispado a asumir a restauración da mesma e a rehabilitación do retablo principal con cargo a unha parte da recadación que obtiveran pola venda dun solo que unha feligresa devota destinara para tal fin e que, moitos anos despois do seu falecemento, aínda non se cumprira.





CAPELA DE SANTA ANA

Parroquia de Maianca

CAPELA DE SANTA ANA

Parroquia de Maianca



◆ **A** existencia da capela de Santa Ana, situada nas inmediacións da praia de Mera, pertencente á parroquia de Maianca, está directamente vencellada á histórica devoción dos fieis do lugar por esta santa, que xa dera nome tamén a unha confraría, fundada no 1663, e unha ermida anterior. Así, a finais do século XIX, coas aportacións económicas dos veciños, constrúese un pequeno templo, composto, no seu interior, tan só por un altar e unha tribuna. O terreo sobre o que se levantou a capela, no ano 1882, fora doado por unha familia da localidade.



Na actualidade, malia ter algo máis de cen anos de antigüidade, consérvase nun excelente estado de restauración e cun amplo adro, moi utilizado durante as festas na honra da patroa. Tan só se coñece un traballo de rehabilitación efectuado no 1890, pouco despois da construción do templo orixinal, que non se encadra en ningún estilo concreto, senón que pode catalogarse como arquitectura popular de finais do século XIX.

Da súa estrutura, o máis destacable son o teito a dúas augas e as dúas alturas, correspondendo a máis baixa á cabeceira. O edificio que se atopa anexo á planta central corresponde coa sancristía. Pero, sen dúbida, o máis característico da capela de Santa Ana é a súa ubicación, en pleno mirador sobre as praias de Mera e os acantilados do faro.

A última reforma levada a cabo foi asumida polo Concello de Oleiros, preocupado por recuperar o patrimonio histórico e cultural do municipio. Deste xeito, emprendeu as obras de mellora centradas, sobre todo, no campanario e no tellado. Neste intre, o goberno municipal contaba coa titularidade da finca colindante coa capela, propiciando así unha notable ampliación do mirador existente. Nesta parcela atópase o monumento de Tía Antonina, inaugurado fai cinco anos en homenaxe á célebre parteira ou matrona que asistiu a numerosas mulleres das localidades de Maianca, Serantes e Dexo.

Tamén, fronte á capela, o Concello de Oleiros levantou un precioso monumento como louva e lembranza á familia mariñeira. As figuras representadas, talladas en granito, miran con esperanza os cercanos acantilados do Faro de Mera e á cidade de A Coruña, que divísase na lonxanía.



